



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA: RELIXIÓ CATÓLICA

CURSO: DE PRIMEIRO A SEXTO DE PRIMARIA

ANO ACADÉMICO: 2020/2021

1. CONTEXTO

- CENTRO:

Situación:

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria HumbertoJuanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

Centro adscrito:

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP HumbertoJuanes.

Ensinanzas que oferta:

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Educación Primaria.

O alumando pode escoller entre Relixión Católica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

Características singulares:

Programas nos que participamos:

- E-dixgal
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en plática en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Titoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

- ALUMNADO

Este curso as persoas que escolleron relixión católica teñen unhas características normais para a súa idade, coas seguintes excepcións:

Dous nenos diagnosticados de TEA en quinto e sexto de educación infantil

Dous casos diagnosticados de TDAH: un caso en quinto e outro en sexto de primaria.

Outros casos de déficit de atención: un caso en primeiro e outro en segundo de primaria.

- OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

2.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.

Debido a crise do covid-19, durante o curso 2019-20, non se traballaron os seguintes estándares propios do terceiro trimestre, xa que, non se podía ampliar coñecementos e sí reforzar o xa traballado nos outros dous trimestres.

PRIMEIRO DE PRIMARIA

- 2.1. Distingue algunhas advocacións de María. 30%
- 3.1. Coñece o relato da Anunciación. 20%
- 4.1. Distingue os diferentes tempos litúrxicos. 20%

SEGUNDO DE PRIMARIA

- 1.1.Recoñece os bos xestos e comportamentos da vida diaria en familia. 30%
- 1.2.Describe cualidades de María . 30%
- 2.1.Toma conciencia das advocacións a María. 20%
- 3.1.Constrúe un calendario donde ubica os tempos litúrxico. . 20%

TERCEIRO DE PRIMARIA

- 1.1.Descubre o significado da Pascua.20%
- 2.1.Identifica símbolos, imaxes e expresións en referencia a Xesús.30%
- 3.1.Diferencia os sete sacramentos.30%
- 4.1.Valora as cualidades personais.20%

CUARTO DE PRIMARIA

- 1.1.Recorda narración bíblicas relacionadas coa Pascua.10%
- 2.1.Analiza as manifestacións culturais e relixiosas do contorno do neno/a.20%
- 3.1.Clasifica tipos de conducta nas primeiras comunidades.20%
- 4.1. Reconstrúe Contidos, a partir dos pictogramas e dos personaxes bíblicos.20%
- 5.1.Valora a actitude de Xesús en favor da humanidade.10%
- 6.1.Recorda os sacramentos.20%

QUINTO DE PRIMARIA

- 1.1.Nomea e clasifica os grupos de libros no Antigo e Novo Testamento. 20%
- 2.1.Confecciona materiais para situar cronoloxicamente os principais libros da Biblia.20%
- 3.1. Interpreta e aprecia o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos evanxeos.10%
- 3.2.. Selecciona, xustifica a elección e explica por escrito o significado dalgúns milagres.20%
- 3.3. Dramatiza con respecto algúns milagres narrados nos evanxeos.20%
- 4.1.Explica o significado da parábola da ovella perdida. 10%

SEXTO DE PRIMARIA

- 1.1. Localiza e explica a misión apostólica nas expresións de Xesús recollidas nos evanxeos sinópticos.20%
- 1.2. Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e da Igrexa.20%
- 2.1. Coñece e explica con exemplos a razón pola que a Confirmación, Orde e Matrimonio están ao servizo da Igrexa.20-%
- 2.2. Aprende e diferencia os signos e momentos celebrativos da Confirmación, a Orde e o Matrimonio.10%
- 3.1. Identifica os trazos do tempo litúrxico da Pascua.10%
- 4.1. Crea unha composición onde se exprese a alegría e a paz que experimentaron os discípulos ao atoparse co Resucitado.10%
- 4.2. Selecciona testemuños de cristiáns e xustifica o cambio xerado polo encontro co Resucitado.10%

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

PRIMEIRO CURSO

PRIMEIRO TRIMESTRE

UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización (mes e número de sesións)
Amo a natureza	Bloque 1: O senso relixioso do home.	Os elementos da natureza. Deus regálanos a natureza e quere que a cuidemos. Comportamento de colaboración con Deus no coidado da natureza e uso responsable de recursos.	Libro de texto, relatos bíblicos(A creación é obra de Deus). Videos da creación; cadro: A Creación do mundo de Melchior Bocksberger.	Setembro e outubro: 4 sesións.
Descubro o teu amor na Biblia	B2 A revelación: Deus intervén na historia	Os comportamentos de amor e felicidade. O amor e coidado de Deus ás persoas. Comportamentos de amor e de axuda ás persoas.	Libro de texto, relatos bíblicos, arte: lámina da colección "Throug the Bible", video "Mi pequena Biblia"	Outubro e Novembro 4 sesións
Gústame o Nadal	Bloque 3: Xesús, cumprimento da historia da Salvación.	O relato bíblico "O nacemento de Xesús". Os mensaxes cos que os cristiáns desexas Bo Nadal. Os persoaxes, a música e os adornos relacionados co Nadal.	Libro de texto, relato e video. Arte: La adoración de los Pastores, de Giorgione	Novembro e decembro: 4 sesións

2º TRIMESTRE

UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización (mes e número de sesións)
Practico as túas ensinanzas.	B2. A revelación: Deus intervén na historia.	<p>Xesús ensinanos o amor de Deus.</p> <p>Xestos e comportamentos de amor.</p> <p>O relato bíblico da Ovella perdida.</p>	<p>A parábola da ovella perdida.</p> <p>Arte: Cristo, el buen pastor.</p> <p>Video e libro de texto.</p>	Xaneiro: 3 sesións
Alégrame falar contigo.	B1 .O senso relixioso do home.	<p>Xesús ensina a orar a Deus.</p> <p>O rei David</p> <p>O respecto a Deus.</p>	<p>O rei David reza a Deus.</p> <p>Arte: David Cantando, de J.James Tissot.</p> <p>Video e libro de texto.</p>	Febreiro: 4 sesións
Unha semana para recordar.	B3. Xesucristo, cumprimento da historia da Salvación.	<p>A Semana Santa:</p> <p>Diferentes actividades que se realizan.</p> <p>Os días máis importantes.</p> <p>O relato bíblico "Xesús morre e resucita".</p>	<p>Xesús morre e resucita.</p> <p>Arte: A última cena, de Juan de Juanes.</p>	Marzo: 4 sesións

3º TRIMESTRE

UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización (mes e número de sesións)
Vivo en familia	Bloque 4. Permanencia de Xesús na historia da Igrexa.	A igrexa é a gran familia de Deus. Conto a miña experiencia: Compartir.	Relato das primeiras familias cristiás, libro de texto, video. Arte: Ordenación de San Esteban y distribución de las limosnas, de Fray Agelico.	Abril: 4 sesións
Disfruto das festas	B 4. Permanencia de Xesús na historia da Igrexa.	As festas cristiás. Conto a miña experiencia: unha canción a María.	Relato: Xesús e as festas. Cadro a María. Arte: Historia del Nuevo Testamento, de Cristoforo de Predis.	Mayo: 4 sesións
Visítote na túa casas	B 4. Permanencia de Xesús na historia da Igrexa.	O templo cristiá e as súas imaxes. Conto miña experiencia: A igrexa.	Relato: A presentación de Xesús no Templo de Giotto. Video, libro de texto.	Xuño: 2 sesións

SEGUNDO CURSO DE PRIMARIA

PRIMEIRO TRIMESTRE

UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización (mes e número de sesións)
Queres que sexa feliz	Bloque 1: O sentido relixioso do home	Deus quere a nosa felicidade. A miña experiencia: Dou grazas a Deus.	Relato: O Paraíso. Arte: O xardín do Edén, de Erastus Salisbury Field.	Mes de setembro e outubro 4 sesións
Regálasme o teu amor	Bloque 2: A revelación: Deus intervén na historia	O amor de Deus os patriarcas. A miña experiencia: Deus cóidame e protéxeme	Relato: O patriarca Abraham. Arte: Abraham e os tres anxos, de Fans Francken o Mozo.	Outubro e novembro: 4 sesións
Espero a túa chegada con alegría	B3: Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación	O advento e o Nadal. A miña experiencia: Expreso o meu cariño ao Neno Xesús.	Relato: O anuncio do anxo aos pastores. Arte: A anunciación do nacemento de Cristo aos pastores, do Libro das Horas.	Novembro e decembro: 6 sesións

SEGUNDO TRIMESTRE

UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización (mes e número de sesións)
Fálasme na Biblia	B2. A revelación: Deus intervén na historia	Deus fálanos na biblia. A miña experiencia: A miña Biblia.	Libro de texto, relatos bíblicos, videos e cadro.	Xaneiro: 3 sesións
Formo parte da túa familia	B4: Permanencia de Xesús na Igrexa.	O Bautismo. Os símbolos do Bautismo. A familia de Xesús.	Libro de texto, relatos bíblicos, videos e cadro.	Febreiro: 4 sesións
Un gran xesto de amor	B3: Xesús, Cumprimento da Historia da Salvación	Un gran xesto de amor. O relato bíblico: As mulleres van ao sepulcro. A Semana Santa: principais días, procesións e arte.	Libro de texto, relatos bíblicos, videos e cadro.	Marzo: 4 sesións

TERCEIRO TRIMESTRE

UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización (mes e número de sesións)
Descubro a túa gran familia	B4 Permanencia de Xesús na historia da Igrexa.	Os cristiáns formamos a Igrexa. Os bos xestos e comportamentos da vida diaria en familia.	Libro de texto, relatos bíblicos, videos e cadro.	Abril: 4 sesións
Quero a miña Nai do Ceo	B3 Xesús, cumprimento da Historia da Salvación	A Virxe María. A miña festa preferida da Virxe María. O relato da Anunciación a María.	Libro de texto, relatos bíblicos, videos e cadro.	Mayo: 4 sesións
Celebro as festas do calendario	B4 Permanencia de Xesús na Historia da Igrexa	O ano litúrxico. O meu tempo litúrxico preferido. As festas relixiosas.	Libro de texto, relatos bíblicos, videos e cadro.	Xuño: 2 sesións

TERCEIRO CURSO DE PRIMARIA

PRIMEIRO TRIMESTRE

UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización (mes e número de sesións)
Un artista Deus	B2: A revelación:Deus intervén na Historia.	A Creación como acto de amor. Colaboración e solidariedade dos homes na súa conservación. Descubrimos a Deus por medio da natureza.	Libro de texto, relatos bíblicos, videos e cadro.	Mes de setembro e outubro 4 sesións
A fala con Deus	B2	Deus comunícase cas persoas. O Pai Noso. Xesús fala con Deus Pai e ensínanos a falar con el mediante a oración. O home necesita comunicarse.	Libro de texto, relatos bíblicos, videos e cadro.	Outubro e novembro: 4 sesións
Chega o Nadal	B3: Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación.	Nadal: alegría e paz. Xesús trae unha mensaxe: o amor. Relación de personaxes do nacemento de Xesús e da nosa vida, seguindo o Evanxeo. Identificación de desigualdades na nosa sociedade por falta de amor. Representación de feitos da vida de Xesús. Actitude de alegría e participación nas festas do Nadal.	Libro de texto, relatos bíblicos, videos e cadro.	Novembro e decembro: 6 sesións

SEGUNDO TRIMESTRE

UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización (mes e número de sesións)
Unhas mans cheas de alegría	B2. Deus intervén na Historia.	Milagre. Signos do Reino. Amor o próximo. Desexo de mellorar o que nos rodea. Desenvolvemento de actitudes de colaboración e solidariedade.	Libro de texto, relatos bíblicos, videos e cadro.	Xaneiro: 3 sesións
Un lugar feliz para todos e todas	B3. Cumprimento da Historia da Salvación.	Aplicar significados simbólicos: auga/vida, sol/calor, corazón/amor Atención e axuda os máis débiles. Interese por un mundo mellor. Fraternidad. Reino.	Libro de texto, relatos bíblicos, videos e cadro.	Febreiro: 4 sesións
Alimento e vida para todos	B3	Semana Santa. Valoración das manifestacións populares relixiosas e da arte relixiosa.	Libro de texto, relatos bíblicos, videos e cadro.	Marzo: 4 sesións

3º TRIMESTRE

UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización (mes e número de sesións)
Xesús vive para sempre	B3, Xesús cumprimento da Historia da Salvación	Pascua. Deus transforma a morte en vida. Curiosidade por símbolos, imaxes, expresións en referencia a Xesucristo.	Libro de texto, relatos bíblicos, videos e cadro.	Abril: 4 sesións
Irmáns e irmás para sempre	B4. Permancia de Xesús na Historia da Igrexa.	Espírito Santo. Valoración da compañía e axuda dos demais. Apreciación e desenvolvemento de calidades persoais.	Libro de texto, relatos bíblicos, videos e cadro.	Mayo: 4 sesións
Nótase, séntese, Xesús está presente.	B4	Os sacramentos. Valoración e interpretación de obxectos, símbolos, signos. Interese e respecto cara os sacramentos.	Libro de texto, relatos bíblicos, videos e cadro.	Xuño: 2 sesións

CUARTO CURSO DE PRIMARIA

PRIMEIRO TRIMESTRE

UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización (mes e número de sesións)
Un libro emocionante.	B1: O sentido relixioso do home	A Biblia Procura de citas bíblicas, colaborando en equipo para descifrar unha mensaxe.	A Biblia,	Mes de setembro e outubro 4 sesións
Cantas boas noticias	B2.A revelación: Deus intervén na historia	Observación das boas novas no seu contorno. Interpretación da realidade a través de noticias ou ilustracións. Valoración positiva da Boa Nova do Evanxeo.	Os evanxeos	Outubro e novembro: 4 sesións
Xesús nace: Qué alegría	B3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación.	Panxoliñas. O nacemento de Xesús. Dramatización de textos bíblicos. Actitude crítica fronte o consumismo en Nadal.	Panxoliñas e relatos bíblicos	Novembro e decembro: 6 sesións

SEGUNDO TRIMESTRE

UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización (mes e número de sesións)
Non quedas ao marxe	B3	Solidariedade. Xesús axuda ás persoas marxinadas. Conducta cristiá.	Fichas de traballo e xogos.	Xaneiro: 3 sesións
Perdóasme?	B4	Perdón Narracións sobre o perdón de Xesús. Xesús comunícanos o seu amor a través do perdón. Comparación de situacións propostas con experiencias propias.	Xogos, narracións e video	Febreiro: 4 sesións
Dar a vida por amor	B3	Coresma. Semana Santa. Sentimentos de Xesús ante diferentes situacións (sede, dor, morte...). A Eucaristía, centro da vida cristiá.	Xogos, narracións e video	Marzo: 4 sesións

TERCER TRIMESTRE

UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización (mes e número de sesións)
Está vivo e resucitou	B3	<p>Pascoa. Narracións bíblicas que están á base das celebracións litúrxicas pascuais.</p> <p>Xesús promete o envío do Espírito Santo.</p> <p>Principio da progresividade da Revelación, de acordo coas posibilidades do ser humano.</p> <p>Observación e análise de manifestacións culturais e relixiosas do contorno d@nen@.</p>	Libro de texto, relatos bíblicos, videos e cadro.	Abril: 4 sesións
É posible compartir	B4	<p>Clasificar tipos de conducta nas primeiras comunidades.</p> <p>Valoración da pertenza a unha comunidade, e o que achega cada grupo humano.</p> <p>Apreciación dos homes e mulleres que destacaron nas primeiras comunidades.</p>	Libro de texto, relatos bíblicos, videos e cadro.	Mayo: 4 sesións
Qué divertido é lembrar	B4	<p>Os sacramentos. O Amor</p> <p>Reconstrución de Contidos, a partir dos pictogramas e dos personaxes bíblicos.</p> <p>Valoración da actitude de Xesús en favor da humanidade.</p>	Libro de texto, relatos bíblicos, videos e cadro.	Xuño: 2 sesións

QUINTO DE PRIMARIA

PRIMEIRO TRIMESTRE

UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización (mes e número de sesións)
O amor en acción	Bloque 3	Descubriendo ao personaxe. O que implica o amor. Parábola da solidariedade. O bo samaritano.	A Biblia, videos e fichas de traballo . Edixgal	Mes de setembro e outubro 4 sesións
O pobo de Deus	Bloque 2	Alianzas e contratos. A amizade é unha alianza.. A amizade entre Deus e Abrahán. Dios axuda ao seu pobo: Moisés. Os dez mandamentos.	Decálogo, fichas, cancións e xogo. Edixgal	Outubro e novembro: 4 sesións
O Super-libro	Bloque 2	O libro máis valioso do mundo. Unha longa aventura. Un libro cheo de libros. Mapa da Biblia. Algúns personaxes interesantes da Biblia.	Biblia, xogos, panxoliñas e relatos bíblicos. Edixgal	Novembro e decembro: 6 sesións

SEGUNDO TRIMESTRE

UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización (mes e número de sesións)
A Eucaristía	Bloque 4	Xesús e a salvación. A Última Cea: o seu testamento. A Eucaristía.	Videos do Super-libro. Edixgal	Xaneiro: 3 sesións
Milagre!	Bloque 4	Relatos da Resurrección. O futuro logo de Xesús	Edixgal	Febreiro: 4 sesións
Xesús o Mesías	Bloque 2	Coñecer e interpretar o significado dos milagres de Xesús como acción de Deus. Interpretar textos bíblicos.	Edixgal	Marzo: 4 sesións

TERCER TRIMESTRE

UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización (mes e número de sesións)
O Mesías	Bloque 3	A luz para os crentes. Algún dos nomes que recibe Xesús. Xesús nos evanxeos.	Videos do Super-libro. Edixgal	Abril: 4 sesións
Os Milagres	Bloque 3	Os milagres de Xesús. Observo e aprendo. Percorrido artístico pola vida de Xesús. Ao peche	Edixgal	Mayo: 4 sesións
A parábola	Bloque 3	A parábola da ovella perdida. A parábola do fillo pródigo. Accións e outras parábolas de Xesús.	Edixgal	Xuño: 2 sesións

SEXTO DE PRIMARIA

✓ PRIMER TRIMESTRE

UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización (mes e número de sesións)
Deus crea o mundo para o home	Bloque 1. Senso relixioso das persoas	<ul style="list-style-type: none">✓ A Biblia e a orixe da vida.✓ O misterio da vida.✓ O punto de vista doutras relixións.✓ Resposta cristiá á orixe do mundo.✓ A creación no mundo da pintura.	Edixgal, Biblia, Arte	Mes de setembro e outubro 4 sesións
Nacido para ser imaxe de Deus	Bloque 1	<ul style="list-style-type: none">✓ Coñecer o relato bíblico da creación do home.✓ Valorar a importancia de que o home foi creado a imaxe e semellanza de Deus.	Edixgal, Biblia, Arte	Outubro e novembro: 4 sesións
Os Santos	Bloque 1	<ul style="list-style-type: none">✓ Implicar ao alumno na toma de boas decisións seguindo como exemplo a vida dos santos.✓ Descubrir as consecuencias das malas decisións no Novo Testamento.	Edixgal, Biblia, Arte	Novembro e decembro: 6 sesións

SEGUNDO TRIMESTRE

UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización (mes e número de sesións)
O pobo de Israel	Bloque 2	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Israel, o pobo elixido. ✓ Moisés e o pacto do Sinaí. ✓ David, o rei poeta. Salmos 	Edixgal, Biblia	Xaneiro: 3 sesións
Cantar dos Cantares	Bloque 2	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Proverbios. Cantar dos Cantares. ✓ Salomón, o rei sabio. Eclesiastés e o libro da Sabiduría. ✓ Templos como expresión da presenza de Deus entre as persoas. 	Edixgal, Biblia	Febreiro: 4 sesións
Cordeiro de Deus	Bloque 2	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Xesús, o fillo de Deus, como verdadeiro home e verdadeiro Deus. ✓ Xesucristo ensínanos a Deus coas súas obras e as súas palabras. ✓ Xesucristo, o cordeiro de Deus. 	Edixgal, Biblia, Arte	Marzo: 4 sesións

TERCER TRIMESTRE

UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización (mes e número de sesións)
A Pascua	Bloque 2	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Xesús no evanxeo de Xoán. ✓ Xesús celebra a Pascua cos seus discípulos. ✓ A Pascua na arte. 	Edixgal, Biblia.	Abril: 4 sesións
Evanxeos	Bloque 3	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Misión apostólica nas expresións de Xesús. Textos nos evanxeos. ✓ Accións de Xesús e da Igrexa como resposta ás necesidades de hoxe en día 	Edixgal, Biblia.	Mayo: 4 sesións
O pórtico da gloria	Bloque 4	<ul style="list-style-type: none"> ✓ . Institucións da Igrexa que axudan aos demais. ✓ O mestre Mateo: o Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago. 	Edixgal, Biblia, Arte	Xuño: 2 sesións

3. METODOLOXÍA PRESENCIAL

É importante para o éxito da práctica educativa o decidir cómo ensinar. Pretendemos que o alumnado reciba a axuda que necesita para aprender de modo significativo, para desenrolar as capacidades definidas nos obxectivos. Consideramos que a nosa escola ha de ser unha escola para a vida, donde o alumnado desenrole ao máximo as súas capacidades, desde unha conducta o máis autónoma posible. Os principios de intervención educativa da miña Programación enmárcanse dentro da concepción constructivista e serán os seguintes:

- ✓ A atención á diversidade é un dos principais eixos que nos indica a LOMCE, resaltarei actividades de reforzo e de ampliación para os diferentes alumnos/as. Ademáis, haberá coordinación entre todo o profesorado (PT, AL especialmente) para traballar con cada alumno/a.
- ✓ Atención individualizada a cada un dos nosos alumnos cos seus diferentes ritmos de aprendizaxe.
- ✓ Prevención de dificultades de aprendizaxe e posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- ✓ Traballo en educación en valores de maneira transversal.
- ✓ Uso das Novas Tecnoloxías, xa que, apórtannos novas posibilidades de ensinanza e aprendizaxe de xeito especial, en 5º e 6º que usaremos o Edixgal; este curso coa creación da aula virtual, todo o alumnado usará o ordenador.
- ✓ Fomento da comprensión lectora destinando un tempo diario a lectura (Proxecto Lector).
- ✓ Adaptación da intervención ao contexto do colexio e aula.
- ✓ Parto do nivel de desenvolto e dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas para que consigan alcanzar aprendizaxes significativos e funcionais.
- ✓ As actividades e propostas están baseadas na actividade do alumnado sendo o protagonista do seu propio aprendizaxe: As actividades irán encamiñadas a posibilitar que o alumnado contrúa conceptos, adquira as destrezas en diversas situacións que partan das súas vivencias.
- ✓ Acercamento aos contidos apoiaranse en actividades prácticas e na manipulación de obxectos concretos.

- ✓ Aseguro a construción de aprendizaxes significativos establecendo vínculos entre o que hay que aprender e o que xa se sabe. Para isto partirei das necesidades, intereses e características do alumnado para asegurar a motivación e implicación no seu aprendizaxe. Crearei situacións onde dea a posibilidade de experimentar con novas vivencias e reorganizar os seus esquemas cognitivos, e a súa vez, plantexarei actividades que teñan un sentido inmediato, útil e valioso para o neno ou nena.
- ✓ Creo contextos, dentro da área e na totalidade da vida do centro que permitan ao neno ter os seus propios tempos e espazos de protagonismo, de recoñecemento e valía coma persoas e das súas contribucións aos diferentes grupos no que se desenrola.
- ✓ Parto das experiencias, problemas e intereses do alumnado para que os aprendizaxes se integren na súa vida diaria, tanto no plano persoal como social.
- ✓ Establecemos relacións sociais continuas e diversas, tanto entre iguais como cos persoas adultas co as que o alumnado desenrola a súa vida cotiá.
- ✓ Secuenciación adecuada e progresivamente os contidos da área.
- ✓ Realizo observacións sistemáticas para levar unha valoración continuada do alumnado de forma espontánea ou de forma planificada.
- ✓ Favorecemos a colaboración coas familias para dar coherencia ás actuacións; de forma institucionalizada (AMPAS, consello escolar, tutorías...) ou directa (en nadal, Semana Santa, a chegada, entrevistas...)

Metodoloxía específica: organización espacio-temporal

A **distribución** do alumnado en grupos, parellas..., depende do tipo de actividade, posibilitando a participación da clase enteira. É importante para a construción mental dos diferentes conceptos. As nenas e nenos aprenden por interacción social e poden complementarse uns a outros.

A nivel **espacial** a clase está disposta en dúas ringleiras de mesas e cadeiras enfrentadas entre sí. Xa que, as veces, os grupos A e B van xuntos a relixión e temos que manter a distancia de seguridade entre eles; os grupos de sexto de educación infantil, segundo de primaria e terceiro b, acudirán a clase de informática, disposta en U para dar a clase de relixión.

A nivel **temporal**, en todos os niveis contamos cunha sesión de relixión, excepto no segundo nivel que contamos con dúas sesión a semana que serán os martes despois do recreo.

